



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

09 de xullo de 2008

Nº 14/08

## METEOROLOXÍA

Durante o período houbo alternancia de claros e nubes, chegándose a producir pequenas precipitacións o día 4 en diferentes zonas. As temperaturas foron moderadas e as mínimas baixas para a época do ano. As temperaturas máis altas producíronse na provincia de Ourense, como vén sendo habitual.

**Previsión:** Permanencia de tempo inestable, temperaturas moderadas e previsión dalgunha precipitación moderada.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### **Estado fenolóxico medio:** K-L

Uva tamaño guisante- peche de acio.



#### **Coidados culturais:**

Os habituais da época do ano, mantemento do crecemento das herbas e aplicación das técnicas de poda en verde, desnetado-desfollado o redor dos acios e eliminación de chupóns do tronco das cepas e da gomariza que forma cortinas nos sistemas de condución.

#### **Fisiopatías.**

En xeral os viñedos presentan un aspecto vigoroso debido o mantemento da humidade no solo, pero nesta época nos viñedos con carencia de magnesio, matizan a sintomatoloxía nas follas con cloroses internerviais (ver imaxe).





**Incidencias fitopatolóxicas máis importantes:**


[sigue D. O. Rías Baixas](#)

**Mildeu** (*Plasmopara viticola*).

Tal e como se apuntou no anterior boletín prevíase a aparición de sintomatoloxía de mildeu, debido a presenza de auga e orballos en algúns días do período. Aínda así, **a evolución é moderada** debido as baixas temperaturas medias que se rexistran e a aplicación de fitosanitarios nos momentos recomendados. A esta altura da campaña, normalmente aplicáronse oito tratamentos no control da enfermidade.

**Oídio** (*Uncinula necator*)

Hai sintomatoloxía da enfermidade en case todas as parcelas e unha presenza media que non chega o 0,5% dos acios, pero en algunha parcela puntual que non sigueu as indicacións de tratar a enfermidade nas últimas datas, chegase a superar a presenza do 50% dos acios con algunha uva afectada. Polo tanto, en xeral **aumenta a sintomatoloxía respecto ás últimas datas**.




Hai que **asegurar a identificación dos fungos**; ambos producen micelio branco nos acios, sendo no oídio máis pulverulento (de aí tamén o nome de polvillo) e no mildeu máis esponxoso, aínda que neste momento xa se pode manifestar como mildeu larvado, de forma que as uvas aparecen repentinamente de cor oscura (de aí tamén o o sobrenome de negrón).



**Couza ou polilla** (*lobesia botrana* e *clysia ambiguella*)

Observase o mantemento do **crecemento dos voos de 2º ciclo**, en torno as 10- 15 capturas nas trampas con feromona, observándose tamén as **primeiras postas nos acios**. Esta campaña o igual que na pasada o estar precedidos de períodos con abundantes precipitacións e temperaturas máis ben moderadas non se esperan moitas máis capturas, polo que seguramente estamos no máximo dos voos ou próximos.



Postas de polilla (cabeza branca)



**Mosquito verde** (*Empoasca sp.*)

Mantéñense as poboacións do cicadélido, non chegándose na meirande parte das parcelas ós umbrais de tratamento (media de máis 1 forma mobil do mosquito/folla). A **sintomatoloxía** debido o crecemento da cepas é **menor respecto as últimas semanas**.



**Enfermedades da madeira.**

As cepas secas ou todavía cloróticas observadas durante a campaña debido a **Armilaria**, neste momento tamén empézanse a observar cepas afectados pola **lesca normalmente en un brazo ou parte do vexetal**, cuxa sintomatoloxía pode observarse na imaxe adxunta. Estas cepas deberán marcarse para no inverno podar a altura dos órganos sans.



**Recomendacións da semana:**

[sigue D. O. Rías Baixas](#)

Os viñedos que trataron tal e como se recomendaba en anterior boletín, en torno a infección prevista entón nos días 1 o 3 de xullo, e atendendo as condicións acontecidas nos seguintes días e o previsto nos próximos, deberase **renovar o tratamento antimildeu** en torno os días 11 a 12, preferentemente do tipo penetrante ou cuticular a vista da inestabilidade climática. A partir desta época nos próximos tratamentos recomendase empregar xa preparados que na súa composición conteñan un porcentaxe de cobre.

Xunto co anterior deberase aplicar un fitosanitario para o **control de oídio** de entre os recomendados no anterior boletín.

IBS / TRIAZOLES	IBS / STROBILURINAS	QUINOLINAS	VARIAS
Ciproconazol + Azufre	Azoxistrobin	Quinoxifen	Azufre en polvo
Diniconazol	Trifloxistrobin		Dinocap
Fenbuconazol + Dinocap	Kresoxim-Metil		Permanganato potásico
Fluquinconazol	Piraclostrobin + metiram		
Myclobutanil			
Myclobutanil + Azufre			
Myclobutanil + Dinocap			
Penconazol			
Tebuconazol			
Tetraconazol			
Triadimenol			

No caso puntual de un viñedo con elevada sintomatoloxía de oídio deberase anticipar o tratamento canto antes, e pode ser unha boa alternativa aplicar permanganato potásico curativo con unha strobilurina -se non se agotaron os tres tratamentos por campaña da molécula-, con acción preventiva do oídio e mildeu. En outras situacións os triazoles, quinolinas e o xofre tamén ofrecen moi bos resultados empregados como preventivos.

Ademais, os viñedos que non trataran a **polilla** nas últimas datas con fenoxicarb, neste momento e atendendo o ciclo da praga deberán facelo con algunha das seguintes materias activas biorracionais de momento de aplicación entre o inicio de voo e inicio de eclosión ovos. Os biorracionais aplícanse en momentos que non se pode verificar o nivel de praga en acio, pero debido o bo perfil toxicolóxico que presentan e eficacia recomendase súa aplicación. Os viñedos que presenten sintomatoloxía de mosquito verde ou estean cerca dos umbrais de tratamento, deberase aplicar o flufenoxurom posto que é activo para ambas pragas.

MATERIA ACTIVA	MOMENTO DE APLICACIÓN
Feromonas de confusión sexual	Colocar antes do 1º voo
Fenoxicarb	Inicio de voo.
<b>Flufenoxurom</b>	Entre inicio de voo e inicio eclosión ovos
<b>Indoxacarb</b>	Entre inicio de voo e inicio eclosión ovos
<b>Lufenurón+Fenoxicarb</b>	Entre inicio de voo e inicio eclosión ovos
<b>Tebufenocide</b>	Inicio eclosión ovos
<b>Metoxifenocide</b>	Entre inicio de voo e inicio eclosión ovos
<b>Spirosamida</b>	Inicio eclosión ovos



## DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

### D.O. RIBEIRO

#### Estado fenolóxico medio:

Tamaño guisante (K), e en moitos casos, COMPACTACIÓN DE ACIO (L).

#### Incidencias fitopatolóxicas destacadas:

Apareceron manchas esporádicas de mildeu, principalmente en follas novas. Ausencia de síntomas de ataques provocados por pragas.

#### Recomendacións da semana:

Debese manter o control do mildeu mediante a aplicación de solucións de cobre penetrante. Cabe destacar que iniciamos a época na que poden aparecer danos por Oídio polo que hai que estar atentos a aparición deste. En caso de dar un tratamento recomendo un penetrante con base de cobre e xofre en po. En caso do xofre en po se recomendan os tratamentos a última hora da tarde polo lado do nacente e deixando impregnadas as plantas con un fino polbo de xofre, de maneira que sexa case invisible.

### D.O. VALDEORRAS

#### Estado fenolóxico medio:

Tamaño guisante (K) e en moitos casos, COMPACTACIÓN DE ACIO (L).

#### Incidencias fitopatolóxicas destacadas:

Ausencia de patóxenos.

#### Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

### D.O. RIBEIRA SACRA

#### Estado fenolóxico medio:

Tamaño guisante (K).

#### Incidencias fitopatolóxicas destacadas:

As mesmas que no Ribeiro

#### Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

### D.O. MONTERREI

As condición climáticas nesta semana foron boas; en xeral tempo anubrado a maior parte dos días, sen precipitacións. Temperaturas altas con media semanal de 23,9°C e humidade media semanal do 66%.

As predicións meteorolóxicas cara esta semana indica ceos despexados ata o mércores a partir do cal ira aumentando a nubosidade con probabilidade de precipitacións cara o sábado. En canto a temperatura máxima esta ira en ascenso ata o mércores a partir do cal voltará a descender, as mínimas ascenderan ata o mércores e despois manteranse.

#### Estado fenolóxico medio:

Tamaño guisante (K).

#### Incidencias fitopatolóxicas destacadas:

Sen incidencias.

#### Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

## HORTA nas Rías Baixas

#### Estados fenolóxicos medios:

**TOMATE:** (invernadeiro): recolección.

**PEMENTO:** (invernadeiro): recolección en todas as ecotipos e variedades de pemento.

**XUDIA:** (invernadeiro): recolección. (aire libre) crecemento.

**COLES:** (exterior): varios ciclos en función da data de plantación.

**LEITUGA:** (exterior): varios ciclos en función da data de plantación.

**CEBOLA:** Formación do bulbo.

**PATACA:** recolección finalizada (ciclo temperán)- recolección (ciclo medio)- tuberización (ciclo tardío)



sigue horta en Rías Baixas

**Incidencias fitopatolóxicas destacadas:**

**Mildeu** (*Phytophthora infestans*)

Manteñense as condicións de mildeu nos cultivos sensíbeis (tomate, pataca, leituga e cebola) pero con menor agresividade que en períodos anteriores.

**Oidiopse en pemento** (*Leveillula taurina*)

Seguen observándose en algunhas explotacións **síntomas de oidiopse en pemento baixo abrigo** con clorosis e necrosado na cara da folla e fieltro branco no revés.

**Enfermedades de cano.**

Manteñense os síntomas de problemas de fungos no sistema radicular e cuello de algúns cultivos hortícolas: principalmente de sclerotinia en xudía e raíz corchosa (*pirynochaeta lycopersici*) máis Fusarium solani en tomate.

**Pragas.**

Hai presenza de diferentes pragas hortícolas, en segun que cultivo e explotación en xeral en niveis baixos.

**Polilla da pataca** (Photormaea opercuella).

Realizados os conteos das trampas de seguimento da praga colocadas en diferentes parcelas, conséntase o punto de inflexión decrecente da curva de voo da polilla.

**Recomendacións da semana:**

Nos **campos de pataca de ciclo tardío** (estado fenolóxico tuberización) hai que aplicar o tratamento para o **control da polilla**, pero ademais dos convencionais pódense aplicar preparados ecolóxicos a base de macerados de follas de brassicas ou de eucaliptos a dose do 10% P/V do vexetal en auga de caldo macerados aproximadamente 5 días. Nesta campaña o Servizo Técnico Agrario de Pontevedra está comprobando e corroborando de selo caso, a eficacia dos preparados ecolóxicos mencionados que na campaña anterior deran moi bos resultados de control en ensaio realizado.

Si non se controla a polilla no propio campo de cultivo, as patacas con postas chegan o almacén e reproducen os ciclos e danos nos tubérculos.



## PATACA na LIMIA

**Estado fenolóxico do cultivo**

Desde desenvolvemento da vexetación ata engrosamento de tubérculos.

**Incidencia de pragas**

Algunhas parcelas con ataque importante de escarabello, se recomenda comezar tratamentos con produtos pouco agresivos, reforzando o tratamento con produtos máis agresivos para a praga.

**Incidencia de enfermidades**

Obsérvanse ataques moderados de mildeu nalgunhas parcelas, aínda que se encontran controlados. Tamén se observan plantas atacadas por erwinia, con certa importancia nalgunhas parcelas.

**Tratamentos recomendados**

Aplicación de funxicidas sistémicos antimildiu (Metalaxil + Mancozeb), (Mefenoxam + mancozeb), (Metalaxil), entre outros; non dar máis de 2 tratamentos seguidos empregando as mesmas materias activas. En parcelas donde a vexetación está avanzada podese dar un tratamento penetrante. Non espaciar máis de 12 días os tratamentos antimildiu. Para Erwinia non se coñecen tratamentos efectivos, polo que se recomenda retirar os pes afectados e destruílos para que non quede a batería do chan e se produzan infeccións en anos sucesivos.